

**CONVOCATORIA DE 74 BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL PARA TITULADOS UNIVERSITARIOS
EN CENTROS E SERVIZOS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

Con fundamento no artigo 35.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión celebrada o 21 de decembro do ano 2012, acordou aprobar a convocatoria de 74 bolsas de práctica laboral nas diferentes liñas de actuación que se desenvolven en Centros dependentes deste organismo Provincial, que se rexerá polas seguintes:

B A S E S**PRIMEIRA. OBXECTO**

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 74 bolsas de práctica laboral destinadas a mozos TITULADOS UNIVERSITARIOS, sen experiencia laboral previa, coa finalidade de promover e completar a súa formación en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa incorporación ó mercado laboral.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

Poderán ser beneficiarios destas bolsas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Posuír o título de licenciado, graduado ou diplomado nas áreas de coñecementos relacionadas no Anexo I para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 31 anos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
4. Non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
5. Non ter sido beneficiario dunha bolsa remunerada na Deputación de Pontevedra nin en calquera dos entes, organismos ou entidades do sector público.
6. Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non haber estado contratado polo grupo 1 ou 2 de cotización.
7. Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV.
8. Estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.
9. Non estar incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRA. DOTACIÓN ECONÓMICA

Estas bolsas teñen unha dotación económica de 800,00 €/mes por beneficiario, cantidade que se imputará ás aplicacións orzamentarias 13/921.920.481.01, e 13/921.920.160.03. O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As instancias dirixiranse ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no modelo oficial ANEXO II, no rexistro xeral da institución provincial no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Na instancia farase constar a bolsa solicitada, por centro e titulación, e o número de expediente. Á mesma achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou calquera outro que o substitúa.
- b) Certificado de empadramento.

- c) Documento acreditativo da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data que remate o prazo para presentar as solicitudes.
- d) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R.d. 1497/87, modificado polo R.d. 1267/94 ou o R.d. 1125/03, para a súa valoración na fase de concurso.
- e) Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega correspondente ó nivel Celga IV.
- f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, se fose seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- g) Certificado que acredite non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante conforme cumpre este requisito.
- h) Certificado de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- i) Declaración xurada de non ter sido beneficiario con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada na Deputación de Pontevedra, nin en calquera dos entes, organismos ou entidades integrantes do sector público.
- j) Declaración xurada conforme se está disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.

2. Para presentaren as instancias os solicitantes estarán ó disposto no artigo 23, apartados 3, 4 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

QUINTA. EMENDAS

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Deputación ditará unha resolución na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra.

2. Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándolas ou desestimándolas e aprobando a lista definitiva, que se publicará na web e no taboleiro de anuncios da Deputación.

SEXTA. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Para a selección dos bolseiros constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o da Deputación de Pontevedra ou a persoa en quen delegue.
- Vogais: un deputado provincial ou persoa en quen delegue, a xefa do Servizo de Recursos Humanos ou a persoa en quen delegue e un/ha funcionario/a técnico superior pertencente á Deputación de Pontevedra.
- Secretario: o da Deputación de Pontevedra ou funcionario/a de carreira con titulación superior en quen delegue.

SÉTIMA. SELECCIÓN DOS BOLSEIROS

1. O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos, e a segunda, de entrevista persoal cos candidatos que superen o corte establecido na primeira fase.

2. PRIMEIRA FASE: BAREMO DE MÉRITOS: Os méritos acreditados polos interesados serán valorados conforme ós seguintes criterios:

- a) Expediente académico: ata un máximo de 2,00 puntos. No caso de expedientes académicos nos que non conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R.d. 1497/87, modificado polo R.d. 1267/94 ou o R.d. 1125/03, valorarase con 0,00 puntos.

- b) Por ter realizado cursos universitarios de posgrao, doutorado ou máster cunha duración superior a 150 horas, relacionados co contido da bolsa, 0,50 puntos/máster, posgrao ou doutorado, ata un máximo de 1,5 puntos.
- c) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,50 puntos.
- d) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,40 puntos.
- e) Por transcorrer entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,30 puntos.
- f) Por transcorrer menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,20 puntos.
- g) Por estar empadroadado nun municipio da provincia de Pontevedra con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 2012: 3,00 puntos.
- h) Por estar empadroadado nun municipio doutra provincia da Comunidade Autónoma de Galicia: 1,00 punto.
- i) Por estar empadroadado fóra da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,50 puntos.

As puntuacións outorgadas serán publicadas no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina web, con ó menos cinco días hábiles de antelación á data en que se celebrará a entrevista.

3. SEGUNDA FASE: ENTREVISTA PERSOAL: A entrevista terá lugar unha vez concluída a valoración de méritos e realizarase unicamente cos candidatos que alcancen a maior puntuación total na fase de concurso nunha porcentaxe que represente o 15% dos aspirantes admitidos (se son inferiores a 100), o 10% (de seren superiores a 100 e inferiores a 200), o 8% (de seren superiores a 201 e inferior a 300) ou o 5% (de seren superior a 301), podendo ampliarse esta porcentaxe de estimarse conveniente.

Por Resolución da Presidencia convocarase ós candidatos para a entrevista persoal, nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan no lugar e día sinalado.

A entrevista versará sobre o seu currículo e permitirá comprobar a preparación dos candidatos nas materias relacionadas coas actividades que se van desenvolver no centro de destino.

A entrevista será valorada de cero a tres puntos.

4. En caso de empate nas puntuacións dos aspirantes, a orde de prelación determinarase pola residencia no centro de traballo e, en segundo lugar, pola maior puntuación alcanzada na nota media global do expediente académico.

5. Despois de rematar as entrevistas e no prazo máximo dun mes, a comisión publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación as puntuacións outorgadas e a proposta de adxudicación xunto coa relación de candidatos seleccionados por orde decrecente, indicando os candidatos seleccionados e os correspondentes suplentes.

OITAVA. CONDICIÓNS XERAIS

Establécense as seguintes condicións xerais:

1. As bolsas terán unha duración de 6 meses, contados desde a data na que a persoa adxudicataria comece o seu labor na entidade correspondente, e poderán ser prorrogados por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula novena destas bases e sempre que exista dotación orzamentaria.

2. As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

3. As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina do centro ou entidade onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro.

4. O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin coa entidade na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial.

5. O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN DA BOLSA

Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, o beneficiario estará obrigado a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. O titor, á vista da memoria presentada, emitirá un informe de avaliación para poderen valorar se procede ou non a prórroga.

DÉCIMA. RENOVACIÓN DA BOLSA

1. A solicitude da prórroga da bolsa deberá dirixirse ó Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra cun mes de antelación a súa finalización, xunto coa memoria e informe indicados na base anterior.

2. O Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra por acordo da Xunta de Goberno, previo informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Pontevedra, resolverá esta solicitude, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado polo bolseiro.

DÉCIMO PRIMEIRA. REVOGACIÓN E REINTEGRO DA BOLSA

O Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra poderá, en calquera momento, mediante unha resolución motivada, revogar a bolsa a persoa adxudicataria se non cumpre debidamente as condicións esixidas nestas bases, ou as normas xerais de funcionamento do organismo, aténdose ó establecido nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e suspendendo o aboamento da bolsa.

De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, corresponderá o reintegro total cando o beneficiario incumpra total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa.

DÉCIMO SEGUNDA. SUSPENSIÓN

1. No caso de enfermidade, debidamente xustificada que impida o desenvolvemento da bolsa de práctica laboral, acreditada mediante certificado médico, poderá acordarse unha suspensión temporal desta, por un período máximo dun mes. Se transcorrido este prazo non se incorpora a persoa beneficiaria, resolverase a bolsa e procederase a súa provisión, no seu caso, segundo a orde establecida na relación de suplentes. A suspensión implicará a interrupción da dotación económica, debéndose restablecer o seu aboamento coa continuidade das actividades de práctica laboral. O período de suspensión da bolsa non será contabilizado como período de goce.

2. No caso de maternidade, adopción ou acollemento, tanto permanente coma preadoptivo, poderá autorizarse a suspensión da bolsa polo período previsto legalmente na normativa laboral. Unha vez transcorrido, a bolsa prorrogarase por un período igual ó da suspensión, restablecéndose o aboamento da cantidade correspondente.

DÉCIMO TERCEIRA. RENUNCIA

No caso de renuncia á bolsa, a persoa adxudicataria deberá presentar no Rexistro Xeral a correspondente solicitude dirixida ó Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra, quen poderá adxudicar a bolsa que quede vacante ó candidato suplente polo período restante, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

DÉCIMO CUARTA. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo, a documentación presentada, excepto a instancia, será destruída, polo que se lles recomenda ós interesados que a retiren no referido prazo.

DÉCIMO QUINTA. DEREITOS SUPLETORIOS

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ó previsto nestas bases, á Lei xeral de subvencións e á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

**CONVOCATORIA DE BOLSAS EN CENTROS E SERVIZOS
DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**
PRESENTAR UNHA INSTANCIA POR PROCESO E INDICAR NÚMERO DE EXPEDIENTE

(Quedarán excluídas as solicitudes que non especifiquen correctamente os procesos e números de expediente)

CENTROS	Nº	Nº BOLSEIROS POR TITULACIÓN	Procesos Nº EXP.
AREEIRO	8	4 Licenciados e graduados en bioloxía, química, farmacia e ciencias ambientais	D1
		3 Enxeñeiros técnicos e superiores forestais e agrónomos	D2
		1 Enxeñeiro superior e enxeñeiro técnico en informática	D3
MOURISCADE	8	8 Licenciados e graduados en química, tecnoloxía de alimentos, bioloxía, farmacia e enxeñería química	D4
DEPUTACIÓN	15	4 Licenciados e graduados en dereito e ciencias políticas	D5
		3 Licenciados e graduados en económicas e empresariais	D6
		3 Graduados e diplomados en dirección e xestión pública	D7
		1 Licenciado, graduado e diplomado en biblioteconomía e documentación	D8
		3 Licenciados e graduados en filoloxía galega	D9
		1 Licenciado e graduado en periodismo	D10
PRÍNCIPE FELIPE	10	6 Licenciados e graduados en pedagogía, psicoloxía e graduados e diplomados en educación social, graduados en educación infantil, graduados en educación primaria, mestre especialidade educación infantil, mestre especialidade educación primaria e mestre especialidade educación especial	D11
		2 Graduados e diplomados en traballo social	D12
		2 Licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	D13
NNTT	3	3 Enxeñeiros en informática, telecomunicacións e enxeñeiros técnicos	D14

PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	12	6 Licenciados e graduados en historia	D15
		6 Licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	D16
INFRAESTRUTURAS	12	1 Licenciado e graduado en historia da arte, especialidade arqueoloxía	D17
		1 Enxeñeiro de camiños	D18
		1 Enxeñeiro técnico de obras públicas e graduado en enxeñería civil	D19
		6 Licenciados e graduados en historia, especialidade en arqueoloxía	D20
		3 Graduados e diplomados en restauración, especialidade arqueoloxía	D21
MUSEO	6	1 Graduado e diplomado en conservación e restauración de bens culturais, especialidade escultura	D22
		1 Graduado e diplomado en conservación e restauración de bens culturais, especialidade arqueoloxía	D23
		4 Licenciados e graduados en historia da arte	D24
TOTAL	74		



**Deputación
Pontevedra**
Recursos Humanos e Formación

Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra
Tfn.: 986 804 100 - Fax: 886 210 691
persoal@depo.es
www.depo.es

ANEXO II SOLICITUDE DE PLAN DE PRÁCTICA LABORAL 2013

DEPUTACIÓN - SERVIZO/CENTRO	
BOLSA SOLICITADA	
Nº DE EXPEDIENTE	

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

D./D ^a :		DNI:	
Enderezo:		C.P.:	
Localidade:		Provincia:	
Nacionalidade:	Data de nacemento:	Tfno ¹ :	Tfno ² :
e-mail:		Fax:	

2. DATOS TÍTULOS ACADÉMICOS

ESIXIDO NA CONVOCATORIA	DATA	
BAREMO DE MERITOS	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN (a cubrir pola Administración)
Expediente académico		
Cursos postgrao, doutorado ou máster		
Ano de finalización dos estudos		
Municipio de empadramento		
TOTAL		

O abaixo asinante solicita ser admitido no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne tódolos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométese a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Data:	Asdo.: o/a solicitante
..... de 20.....	

Mod. 921.063

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PLAN DE PRÁCTICA LABORAL 2013

ANEXO III DECLARACIÓNS XURADAS	
NOME E APELIDOS: D/DONA	
DNI:	
TITULO:	
PROCESO Nº EXPEDIENTE:	
DECLARO	
Que non fun beneficiario con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada na Deputación Provincial de Pontevedra, nin en calquera dos entes, organismos ou entidades integrantes do sector público.	
Que me comprometo a renunciar, se fose seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.	
Que non estou incapacitado fisicamente nin padezo enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constituía o obxecto da bolsa	
Que estou disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.	
Que non estou incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións	
Asinado o solicitante:	
LUGAR E DATA:	

ILMO. SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Pontevedra, 26 de decembro de 2012.—O Secretario, ilexible.

2012012187

**CONVOCATORIA DE 195 BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL PARA TITULADOS UNIVERSITARIOS
NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

Con fundamento no artigo 35.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión celebrada o 21 de decembro do ano 2012, acordou aprobar a convocatoria de 195 bolsas de práctica laboral nos Concellos da provincia que se relacionan no ANEXO I en temas relacionados coa prestación de servizos municipais, que se rexerá polas seguintes:

B A S E S

PRIMEIRA. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 195 bolsas de práctica laboral destinadas a mozos TITULADOS UNIVERSITARIOS, sen experiencia laboral previa, coa finalidade de promover e completar a súa formación en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa incorporación ó mercado laboral.

SEGUNDA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Poderán ser beneficiarios destas bolsas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Posuír o título de licenciado, graduado ou diplomado nas áreas de coñecementos relacionadas no Anexo I para cada concello da provincia na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 31 anos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
4. Non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
5. Non ter sido beneficiario dunha bolsa remunerada na Deputación de Pontevedra nin en calquera dos entes, organismos ou entidades do sector público.
6. Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado contratado polo grupo 1 ou 2 de cotización.
7. Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV.
8. Estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.
9. Non estar incurso nalguna das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRA. DOTACIÓN ECONÓMICA

Estas bolsas teñen unha dotación económica de 800,00 €/mes por beneficiario, cantidade que se imputará ás aplicacións orzamentarias 13/921.920.481.01, e 13/921.920.160.03. O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As instancias dirixiranse ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no modelo oficial ANEXO II, no rexistro xeral da institución provincial no prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Na instancia farase constar a bolsa solicitada, por centro e titulación, e o número de expediente. Á mesma achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou calquera outro que o substitúa.
- b) Certificado de empadramento.

- c) Documento acreditativo da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data que remate o prazo para presentar as solicitudes.
- d) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R.d. 1497/87, modificado polo R.d. 1267/94 ou o R.d. 1125/03, para a súa valoración na fase de concurso.
- e) Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega correspondente ó nivel Celga IV.
- f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, se fose seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- g) Certificado que acredite non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante conforme cumpre este requisito.
- h) Certificado de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- i) Declaración xurada de non ter sido beneficiario con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada na Deputación de Pontevedra, nin en calquera dos entes, organismos ou entidades integrantes do sector público.
- j) Declaración xurada conforme se está disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.

2. Para presentaren as instancias os solicitantes estarán ó disposto no artigo 23, apartados 3, 4 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

QUINTA. EMENDAS

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Deputación ditará unha resolución na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra.

2. Os aspirantes excluídos ou omitidos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándolas ou desestimándolas e aprobando a lista definitiva, que se publicará na web e no taboleiro de anuncios da Deputación.

SEXTA. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Para a selección dos bolseiros constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o da Deputación de Pontevedra ou a persoa en quen delegue.
- Vogais: un deputado provincial ou persoa en quen delegue, a xefa do Servizo de Recursos Humanos ou a persoa en quen delegue e un/ha funcionario/a técnico superior pertencente á Deputación de Pontevedra.
- Secretario: o da Deputación de Pontevedra ou funcionario/a de carreira con titulación superior en quen delegue.

SÉTIMA. SELECCIÓN DOS BOLSEIROS

1. O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos, e a segunda, de entrevista persoal cos candidatos que superen o corte establecido na primeira fase.

2. PRIMEIRA FASE: BAREMO DE MÉRITOS: Os méritos acreditados polos interesados serán valorados conforme ós seguintes criterios:

- a) Expediente académico: ata un máximo de 2,00 puntos. No caso de expedientes académicos nos que non conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R.d. 1497/87, modificado polo R.d. 1267/94 ou o R.d. 1125/03, valorarase con 0,00 puntos.

- b) Por ter realizado cursos universitarios de posgrao, doutorado ou máster dunha duración superior a 150 horas, relacionados co contido da bolsa, 0,50 puntos/máster, posgrao ou doutorado, ata un máximo de 1,5 puntos.
- c) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,50 puntos.
- d) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,40 puntos.
- e) Por transcorrer entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,30 puntos.
- f) Por transcorrer menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios: 0,20 puntos.
- g) Por estar empadroadado no municipio do centro de traballo con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 2012: 3,00 puntos.
- h) Por estar empadroadado noutro municipio da provincia de Pontevedra: 1,00 punto.
- i) Por estar empadroadado nun municipio doutra provincia da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,50 puntos.

As puntuacións outorgadas serán publicadas no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina web con ó menos cinco días hábiles de antelación á data en que se celebrará a entrevista.

3. SEGUNDA FASE: ENTREVISTA PERSOAL: A entrevista terá lugar unha vez concluída a valoración de méritos e realizarase unicamente cos candidatos que alcancen a maior puntuación total na fase de concurso nunha porcentaxe que represente o 15% dos aspirantes admitidos (se son inferiores a 100), o 10% (de seren superiores a 100 e inferiores a 200), o 8% (de seren superiores a 201 e inferior a 300) ou o 5% (de seren superior a 301), podendo ampliarse esta porcentaxe de estimarse conveniente.

Por Resolución da Presidencia convocarase ós candidatos para a entrevista persoal, nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan no lugar e día sinalado.

A entrevista versará sobre o seu currículo e permitirá comprobar a preparación dos candidatos nas materias relacionadas coas actividades que se van desenvolver no centro de destino.

A entrevista será valorada de cero a tres puntos.

4. En caso de empate nas puntuacións dos aspirantes, a orde de prelación determinarase pola residencia no centro de traballo e, en segundo lugar, pola maior puntuación alcanzada na nota media global do expediente académico.

5. Despois de rematar as entrevistas e no prazo máximo dun mes, a comisión publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Deputación as puntuacións outorgadas e a proposta de adxudicación xunto coa relación de candidatos seleccionados por orde decrecente, indicando os candidatos seleccionados e os correspondentes suplentes.

OITAVA. CONDICIÓNS XERAIS.

Establécense as seguintes condicións xerais:

1. As bolsas terán unha duración de 6 meses, contados desde a data na que a persoa adxudicataria comece o seu labor na entidade correspondente, e poderán ser prorrogados por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula novena destas bases e sempre que exista dotación orzamentaria.
2. As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.
3. As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina do centro ou entidade onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro.
4. O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin coa entidade na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial.
5. O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN DA BOLSA

Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, o beneficiario estará obrigado a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. O titor, á vista da memoria presentada, emitirá un informe de avaliación para poder valorar se procede ou non a prórroga.

DÉCIMA. RENOVACIÓN DA BOLSA

1. A solicitude da prórroga da bolsa deberá dirixirse ó Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra cun mes de antelación a súa finalización, xunto coa memoria e informe indicados na base anterior.

2. O Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra por acordo da Xunta de Goberno, previo informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Pontevedra, resolverá esta solicitude, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado polo bolseiro.

DÉCIMO PRIMEIRA. REVOGACIÓN E REINTEGRO DA BOLSA

O Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra poderá, en calquera momento, mediante unha resolución motivada, revogar a bolsa a persoa adxudicataria se non cumpre debidamente as condicións esixidas nestas bases, ou as normas xerais de funcionamento do organismo, aténdose ó establecido nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e suspendendo o aboamento da bolsa.

De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, corresponderá o reintegro total cando o beneficiario incumpre total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa.

DÉCIMO SEGUNDA. SUSPENSIÓN

1. No caso de enfermidade, debidamente xustificada que impida o desenvolvemento da bolsa de práctica laboral, acreditada mediante certificado médico, poderase acordar unha suspensión temporal desta, por un período máximo dun mes. Se transcorrido este prazo non se incorpora a persoa beneficiaria, resolverase a bolsa e procederase a súa provisión, no seu caso, segundo a orde establecida na relación de suplentes. A suspensión implicará a interrupción da dotación económica, debendo restablecerse o seu aboamento coa continuidade das actividades de práctica laboral. O período de suspensión da bolsa non será contabilizado como período de goce.

2. No caso de maternidade, adopción ou acollemento, tanto permanente coma preadoptivo, poderá autorizarse a suspensión da bolsa polo período previsto legalmente na normativa laboral. Unha vez transcorrido, a bolsa prorrogarase por un período igual ó da suspensión, restablecéndose o aboamento da cantidade correspondente.

DÉCIMO TERCEIRA. RENUNCIA

No caso de renuncia á bolsa, a persoa adxudicataria deberá presentar no Rexistro Xeral a correspondente solicitude dirixida ó Ilmo. Presidente da Deputación de Pontevedra, quen poderá adxudicar a bolsa que quede vacante ó candidato suplente polo período restante, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

DÉCIMO CUARTA. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo, a documentación presentada, excepto a instancia, será destruída, polo que se lles recomenda ós interesados que a retiren no referido prazo.

DÉCIMO QUINTA. DEREITOS SUPLETORIOS

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ó previsto nestas bases, á Lei xeral de subvencións e á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE BOLSAS EN CONCELLOS DA PROVINCIA

PRESENTAR UNHA INSTANCIA POR PROCESO E INDICAR NÚMERO DE EXPEDIENTE

(Quedarán excluídas as solicitudes que non especifiquen correctamente os procesos e números de expediente)

CONCELLO	BOLSA	Procesos Nº EXP.
AGOLADA (2.926)	Unha bolsa para graduados e diplomados en traballo social e relacións laborais	C001
ARBO (3.741)	Unha bolsa para diplomados en administración e dirección de empresas e diplomados en relacións laborais	C002
BAIONA (12.258)	Unha bolsa para licenciados, enxeñeiros, graduados e diplomados en informática	C003
	Unha bolsa para licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	C004
	Unha bolsa para graduados en enxeñería de obras públicas e enxeñeiros técnicos de obras públicas	C005
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C006
	Unha bolsa para graduados e diplomados en xestión e administración pública	C007
BARRO (3.668)	Unha bolsa para licenciados e graduados en filoxía inglesa	C008
BUEU (12.348)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito	C009
	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas, empresariais e para graduados e diplomados en xestión pública	C010
	Unha bolsa para licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	C011
	Unha bolsa para licenciados, enxeñeiros, graduados e diplomados en informática	C012
	Unha bolsa para licenciados en arquitectura	C013
CALDAS DE REIS (10.060)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito e ciencias políticas	C014
	Unha bolsa para enxeñeiros industriais	C015
	Unha bolsa para enxeñeiros agrónomos	C016
	Unha bolsa para licenciados e graduados en pedagogía e graduados e diplomados en educación social	C017
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C018
CAMBADOS (13.946)	Tres bolsas para graduados e diplomados en turismo	C019
	Dúas bolsas para graduados e diplomados en xestión e administración pública	C020

CAMPO LAMEIRO (2.036)	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos forestais	C021
CANGAS DE MORRAZO (26.121)	Unha bolsa para enxeñeiros industriais	C022
	Unha bolsa para arquitectos técnicos	C023
	Unha bolsa para graduados e diplomados en relacións laborais	C024
	Unha bolsa para graduados en enxeñería informática e enxeñeiros técnicos informáticos	C025
	Unha bolsa para licenciados e graduados en periodismo	C026
	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas	C027
	Unha bolsa para licenciados e graduados en filoloxía galega	C028
	Unha bolsa para licenciados en arquitectura	C029
CAÑIZA, A (6.461)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito	C030
	Unha bolsa para graduados e diplomados en traballo social	C031
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C032
CATOIRA (3.489)	Unha bolsa para graduados e diplomados en traballo social	C033
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito, ciencias do traballo, relacións laborais, económicas e empresariais	C034
CERDEDO (2.297)	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias ambientais e ciencias do mar	C035
COTOBADE (4.432)	Unha bolsa para graduados e diplomados en educación social	C036
	Unha bolsa para enxeñeiros de camiños, canais e portos	C037
COVELO, O (3.235)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito	C038
	Unha bolsa para licenciados e graduados e en dereito económico	C039
CUNTIS (5.066)	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas e empresariais	C040
	Unha bolsa para arquitectos técnicos	C041
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C042
	Dúas bolsas para graduados e diplomados en relacións laborais	C043
ESTRADA, A (21.759)	Unha bolsa para enxeñeiros químicos (especialidade en enxeñería ambiental e recursos químicos e bioquímicos)	C044
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos industriais (especialidade mecánica)	C045
	Unha bolsa enxeñeiro técnico agrícola	C046
	Tres bolsas licenciados e graduados en economía	C047
FORCAREI (4.044)	Unha bolsa arquitectos	C048
	Unha bolsa para diplomados en administración e dirección de empresas	C049

FORNELOS DE MONTES (2.002)	Unha bolsa para graduados en enxeñería informática e licenciados en informática	C050
GONDOMAR (13.973)	Dúas bolsas para licenciados en arquitectura e arquitectos técnicos	C051
	Unha bolsa para graduados en enxeñería informática e licenciados en informática	C052
	Unha bolsa para licenciados e graduados en empresariais	C053
	Unha bolsa para licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	C054
GROVE, O (11.241)	Dúas bolsas para graduados e diplomados en turismo	C055
	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas	C056
	Unha bolsa para licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	C057
	Unha bolsa para licenciados e graduados en pedagogía	C058
GUARDA, A (10.484)	Unha bolsa para graduados/enxeñeiros técnicos informáticos	C059
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C060
	Unha bolsa para licenciados e graduados en periodismo	C061
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C062
LALÍN (21.127)	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C063
	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas e empresariais	C064
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias políticas	C065
	Unha bolsa para graduados e diplomados en maxisterio	C066
	Unha bolsa para licenciados e graduados en química	C067
	Unha bolsa para licenciados e graduados en psicoloxía clínica	C068
	Dúas bolsas para graduados e diplomados en enfermería	C069
LAMA, A (2.976)	Unha bolsa para licenciados en arquitectura	C070
MARÍN (25.864)	Dúas bolsas para graduados e diplomados en dirección e xestión pública	C071
	Unha bolsa para enxeñeiros de camiños, canais e portos	C072
	Unha bolsa para enxeñeiros informáticos	C073
	Unha bolsa para licenciados, graduados e diplomados en administración e dirección de empresas	C074
	Unha bolsa para licenciados en arquitectura	C075
	Dúas bolsas para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C076
MEAÑO (5.444)	Unha bolsa para enxeñeiros forestais e enxeñeiros técnicos forestais	C077
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos e superiores de camiños	C078
	Unha bolsa para arquitectos técnicos	C079

MOAÑA (19.336)	Unha bolsa para graduados e diplomados en dirección e xestión pública	C080
	Unha bolsa para graduados e diplomados en relacións laborais	C081
MONDARIZ (5.081)	Unha bolsa para enxeñeiros forestais	C082
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C083
MONDARIZ-BALNEARIO (730)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito, económicas e empresariais	C084
MORAÑA (4.398)	Unha bolsa para arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos	C085
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C086
MOS (14.942)	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos industriais	C087
	Unha bolsa para licenciados e graduados en psicopedagogía	C088
	Unha bolsa para graduados e diplomados en ciencias empresariais	C089
	Unha bolsa para graduados e diplomados en educación social	C090
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C091
NEVES, AS (4.400)	Unha bolsa para licenciados e graduados en historia	C092
	Unha bolsa para graduados e diplomados en administración e dirección de empresas	C093
NIGRÁN (17.879)	Unha bolsa para graduados e diplomados en relacións laborais	C094
	Dúas bolsas para licenciados e graduados en dereito	C095
	Dúas bolsas para licenciados e graduados en empresariais e económicas	C096
OIA (3.179)	Dúas bolsas para graduados e diplomados en turismo	C097
PAZOS DE BORBÉN (3.192)	Unha bolsa para licenciados e graduados en belas artes	C098
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C099
POIO (16.501)	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas, dereito económico e empresariais	C100
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito	C101
	Unha bolsa graduados e enxeñeiros forestais	C102
	Unha bolsa graduados e diplomados en turismo	C103
PONTE CALDELAS (6.319)	Unha bolsa para licenciados e graduados universitarios en ciencias ou humanidades	C104
	Unha bolsa para graduados e diplomados en xestión e administración pública	C105
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito	C106

PONTEAREAS (23.561)	Unha bolsa para licenciados e graduados en historia da arte	C107
	Dúas bolsas para licenciados e graduados en historia e licenciados, graduados e diplomados en biblioteconomía e documentación	C108
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito, económicas e empresariais	C109
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C110
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos obras públicas	C111
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C112
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos informáticos	C113
PONTECESURES (3.136)	Unha bolsa para diplomados en administración e dirección de empresas	C114
	Unha bolsa para graduados e diplomados en relacións laborais e licenciados e graduados en dereito	C115
PORRIÑO, O (18.075)	Catro bolsas para licenciados e graduados en dereito, económicas, empresariais e graduados e diplomados en relacións laborais	C116
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos en informática, graduados en informática	C117
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos ou superiores en camiños, minas, obras públicas e civil	C118
PORTAS (3.070)	Unha bolsa para graduados en enxeñería de obras públicas e enxeñeiros técnicos de obras públicas	C119
	Unha bolsa para arquitectos	C120
REDONDELA (30.006)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito, económicas e empresariais	C121
	Unha bolsa para enxeñeiros agrónomos e enxeñeiros técnicos agrícolas (graduados en enxeñería e ciencia agronómica, graduados en enxeñería alimentaria; graduados en enxeñería agroambiental)	C122
	Tres bolsas para enxeñeiros de camiños, enxeñeiros técnicos obras públicas, enxeñeiros industriais	C123
	Dúas bolsas para graduados, licenciados e enxeñeiros, técnicos ou superiores, en informática e telecomunicacións	C124
	Unha bolsa para licenciados e graduados en psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, socioloxía, graduados e diplomados en educación social, traballo social e relacións laborais	C125
RIBADUMIA (5.107)	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito e ciencias políticas	C126
	Dúas bolsas para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C127

RODEIRO (3.034)	Unha bolsa para diplomados en administración e dirección de empresas e licenciados e graduados en economía	C128
	Unha bolsa para licenciados e graduados en historia da arte	C129
ROSAL, O (6.613)	Unha bolsa para graduados e licenciados en ciencias ambientais, bioloxía, especialidade medioambiental	C130
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito económico ou empresariais	C131
	Unha bolsa para arquitectos ou arquitectos técnicos	C132
SALCEDA DE CASELAS (8.665)	Unha bolsa para diplomados en administración e dirección de empresas e licenciados e graduados en economía	C133
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos agrícolas, forestal, enxeñeiros forestais e agrónomos, licenciados en bioloxía, licenciados en ciencias ambientais	C134
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos en obras públicas, enxeñeiros de camiños, arquitectos técnicos, arquitectos superiores	C135
SALVATERRA DE MIÑO (9.546)	Unha bolsa para enxeñeiros forestais	C136
	Unha bolsa para arquitectos técnicos	C137
	Unha bolsa para licenciados e graduados en bioloxía	C138
SANXENXO (17.586)	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C139
	Unha bolsa para graduados e diplomados en traballo social e educación social	C140
	Unha bolsa para diplomados en maxisterio, especialidade en educación infantil ou equivalente ou licenciados en pedagogía ou psicopedagogía	C141
	Unha bolsa para licenciados en ciencias ambientais, en bioloxía, en ciencias do mar e enxeñeiros técnicos en recursos forestais	C142
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C143
	Unha bolsa para graduados e diplomados en dirección e xestión pública	C144
SOUTOMAIOR (7.223)	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C145
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos de obras públicas	C146
	Unha bolsa para graduados e diplomados en educación social, traballo social e relacións laborais	C147
TOMIÑO (13.604)	Unha bolsa para licenciados, enxeñeiros, arquitectos e graduados universitarios destinada a docencia de adultos	C148
	Unha bolsa para diplomados e graduados en educación social	C149
	Unha bolsa para enxeñeiros industriais (especialidade electricidade)	C150
TUI (17.236)	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C151
	Unha bolsa para licenciados e graduados en periodismo	C152
	Unha bolsa para arquitectos técnicos	C153

VALGA (6.103)	Unha bolsa para licenciados e graduados en empresariais e dereito e diplomados en administración e dirección de empresas	C154
	Unha bolsa para licenciados e graduados en pedagogía, psicoloxía	C155
	Unha bolsa para diplomados en enfermería, educación social	C156
VILA DE CRUCES (6.325)	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C157
VILABOA (6.024)	Unha bolsa para arquitectos técnicos e superiores	C158
	Unha bolsa para licenciados e graduados en dereito, económicas empresariais	C159
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C160
VILAGARCÍA DE AROUSA (37.903)	Unha bolsa para licenciados e graduados en económicas e empresariais	C161
	Unha bolsa para graduados e diplomados en traballo social e educación social	C162
	Unha bolsa para licenciados e graduados en ciencias políticas	C163
	Unha bolsa para graduados e diplomados en relacións laborais	C164
	Unha bolsa para licenciados e graduados en historia	C165
	Unha bolsa para graduados e diplomados en maxisterio	C166
	Unha bolsa para licenciados e graduados en psicoloxía	C167
	Unha bolsa para enxeñeiros técnicos en informática	C168
VILANOVA DE AROUSA (10.614)	Dúas bolsas para licenciados e graduados en ciencias da actividade física e do deporte	C169
	Unha bolsa para licenciados e graduados en historia	C170
	Unha bolsa para graduados e diplomados en maxisterio	C171
	Unha bolsa para graduados e diplomados en turismo	C172



**Deputación
Pontevedra**
Recursos Humanos e Formación

Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra
Tlfn.: 986 804 100 - Fax: 886 210 691
persoal@depo.es
www.depo.es

ANEXO II SOLICITUDE DE PLAN DE PRÁCTICA LABORAL 2013

CONCELLO	
BOLSA SOLICITADA	
Nº DE EXPEDIENTE	

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

D./D ^a :		DNI:	
Enderezo:		C.P.:	
Localidade:	Provincia:		
Nacionalidade:	Data de nacemento:	Tlfn ^o 1:	Tlfn ^o 2:
e-mail:		Fax:	

2. DATOS TÍTULOS ACADÉMICOS

ESIXIDO NA CONVOCATORIA	DATA	
BAREMO DE MERITOS	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN (a cubrir pola Administración)
Expediente académico		
Cursos postgrao, doutorado ou máster		
Ano de finalización dos estudos		
Municipio de empadramento		
TOTAL		

O abaixo asinante solicita ser admitido no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne tódolos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométese a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Data:	Asdo.: o/a solicitante
..... de 20.....	

Mod. 921.063

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R.d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados ós ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios a súa disposición en www.depo.es

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PLAN DE PRÁCTICA LABORAL 2013

ANEXO III DECLARACIÓNS XURADAS
NOME E APELIDOS: D/DONA
DNI:
TÍTULO:
PROCESO Nº EXPEDIENTE:
DECLARO
Que non fun beneficiario con anterioridade de ningunha outra bolsa remunerada na Deputación Provincial de Pontevedra, nin en calquera dos entes, organismos ou entidades integrantes do sector público.
Que me comprometo a renunciar, se fose seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
Que non estou incapacitado fisicamente nin padezo enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa
Que estou disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.
Que non estou incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
Asinado o solicitante:
LUGAR E DATA:

ILMO. SR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Pontevedra, 26 de decembro de 2012.—O Secretario, ilexible.

2012012188